



CONSULTING
Asistencial Sociosanitario

ita.
Grupo



**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE

ÍNDICE

1 /	A Casa da Quintán
2 /	Características das/os menores atendidas/os
3 /	Requisitos para o ingreso
4 /	Accións que se levan a cabo
5 /	Profesionais

1


A CASA DA QUINTÁN



A Casa Da Quintán

O Centro de Menores Casa da Quintán leva a cabo un programa de acollemento residencial destinado a nenos, nenas e adolescentes (NNA) que presenten problemáticas de saúde mental, destinado á rehabilitación psíquica e ao desenvolvemento emocional das/os NNA acollidas/os.

A Casa da Quintán conta con 12 prazas, sendo un recurso de corta ou media estancia, que ten como obxectivo xeral a reintegración contextos convivencias máis normalizados e estables.



2

CARACTERÍSTICAS



Características das/os menores atendidas/os

Nenos, nenas e adolescentes de 8 a 17 anos en situación de amparo de garda ou tutela da Xunta de Galicia.

Os rapaces e rapazas atendidas poden mostrar unha sintomatoloxía diversa como desregulación emocional; dificultades nas relacións sociais e familiares; comportamentos autolesivos; dificultades para a inclusión, problemáticas interiorizadas (depresión, ansiedade, sintomatoloxía postraumática) e problemas exteriorizados de carácter leve así coma dificultades de vinculación nos diferentes espazos de relación (familia, grupos de iguais, escola).

Quedarían excluídos aqueles perfís de carácter disocial (consumo de sustancias, problemas de control da ira, heteroagresividade), o padecemento dunha discapacidade intelectual e déficits sensitivos e de trastornos de espectro autista.



3


REQUISITOS PARA O INGRESO



Requisitos para o ingreso

Para o ingreso solicitárase autorización xudicial ao Xulgado de Primeira Instancia nº 5 de Pontevedra e a solicitude estará motivada e fundamentada en informes psicosociais e médicos, elaborados por persoal do sistema público de protección e sanitario.

A finalización do acollemento residencial virá determinada pola consecución dos obxectivos terapéuticos baseado nun informe psicosocial da entidade pública de menores e o alta clínica do facultativo, que será remitida ao xulgado.



4

ACCIÓNES QUE SE LEVAN A CABO



Accións que se levan a cabo

- **Intervención terapéutica** Sesións individuais e grupais de terapia, seguemento psiquiátrico, médico e de coidados xerais da saúde.
- **Actividades de acompañamento educativo.** Realízanse tarefas de acompañamento nas actividades da vida cotiá, no fomento da participación e no relacionado coas necesidades de apoio emocional individual.
- **Obradoiros de diversa índole:** sexualidade, intelixencia emocional, prevención da violencia, relación coas novas tecnoloxías, etc.
- **Actividades de ocio.** Cada día desfrutan de actividades de lecer dentro do Centro, organizándose semanalmente saídas a espazos da contorna.
- **Traballo sociocomunitario.** Actividades para a integración comunitaria e o mantemento dos vínculos familiares e xestión da documentación administrativa.



5

PROFESIONAIS



Profesionais

- 2 psicólogos/as
- 1 psiquiatra
- 1 médica xeral
- 1 enfermeira
- 12 educadoras/es sociais
- 1 traballadora social





CONSULTING
Asistencial Sociosanitario

ita.
Grupo

Avda. de los Alpes, 101 · Robledo de Chavela (MADRID)

www.consultingasistencial.com